

TERRAGALEGA

Galicia, a nosa forza



© Edicións TEGA

www.terragleaga.eu

O noso xornal de noticias en:
www.maisg.eu



ESTATUTOS DE TERRA GALEGA

II Congreso

LIMIAR

Un fato de galegas e galegos, de conviccións firmes, acometeron a tarefa de constituír e de organizar un partido político que faga posible que Galicia poida tomar compromiso político por sí mesma desde dentro, sen caer en mimetismos e imposicións alleas á súa realidade propia. Trátase de poñer en pé, coa axuda de todas as que se sintan identificadas co noso país e co noso pobo, unha estrutura organizativa que faga unha política ao noso xeito galego: teimudo nos propósitos, realista nos medios, ponderado nos procedementos, tolerante e respetuoso de todas as opcións.

TITULO I

Art. 1.

a) Ao amparo do artigo 6º da Constitución Española, artigo 1º da Lei orgánica 6/2002, de 27 de xuño de partidos políticos e demais normativa

de aplicación, constitúese o partido político chamado TERRA GALEGA, en acrónimo TEGA.

b) O seu símbolo será unha árbore coa forma do mapa de Galicia ribeteado en cor verde e atravesado en diagonal pola bandeira de Galicia; todo iso dentro dun dobre círculo dentro do cal inscribírase o lema “Galicia, a nosa forza”, podendo o Consello Político Nacional acordar en calquera intre o seu cambio.

Art. 2.

O desenvolvemento cultural económico e social, e os modelos de organización territorial e administrativa de Galicia serán para Terra Galega as canles de definición e profundización como nacionalidade histórica.

Art. 3.

O enderezo de TEGA fica en Santiago, provincia da Coruña, Avenida de Romero Donallo nº 36, código postal 15706, podendo o Consello Político Nacional acordar en calquera intre o seu traslado a outro enderezo.

TITULO II

CAPITULO 1º DA AFILIACIÓN:

Art. 4.

Poderán afiliarse a Terra Galega os/as cidadáns/ cidadás que cumpran os requisitos esixidos na lexislación vixente.

Art. 5.

A afiliación implica:

- a) A aceptación e defensa dos principios ideolóxicos e puntos programáticos de Terra Galega.
- b) A subxección a estes Estatutos, ás normas que os desenvolven e ao cumprimento dos acordos adoptados polos órganos do Partido.
- c) O compromiso de contribuír ao sostemento económico do Partido.

Art. 6.

A calidade de afiliado/a e, polo tanto, membro do partido, adquirirse según o protocolo de afiliación que será aprobado pola Dirección Nacional a proposta do/a secretario/a de finanzas.

CAPITULO 2º DEREITOS E OBRIGAS DOS AFILIADO/AS

Art. 7.

Son dereitos dos/das afiliado/as ao partido, os seguintes:

- a) Participar nas actividades do partido, exercer o dereito de voto e asistir aos Congresos e Asembleas, de acordo cos Estatutos e Regulamentos.
- b) Elixir e ser elixido/a para ocupar cargos de responsabilidade en todos os niveis do partido, sen que poida haber discriminación ningunha, e só coas limitacións derivadas dos Estatutos do partido e dos Regulamentos.
- c) Recibir información do Partido, das súas actividades e da súa situación económica.
- d) Confidencialidade dos datos persoais con

exclusivo uso para a actividade interna do partido, limitándose o acceso aos mesmos segundo os niveis de responsabilidade no propio partido.

- e) Cantos outros lles confira a lexislación vixente.

Art. 8.

Obrigas dos/das afiliados/as:

- a) Difundir e propagar os obxectivos estatutarios e programáticos do partido.
- b) Participar e apoiar as iniciativas e campañas desenvolvidas polo partido nos seus diversos ámbitos.
- c) Cumprir e velar polo cumprimento dos presentes Estatutos.
- d) Respetar o carácter vinculante das decisións adoptadas polos órganos de TEGA en todos os seus ámbitos, e participar activamente na súa posta en práctica.
- e) Aboar puntualmente a cota establecida polos órganos competentes do partido.

Art. 9.

A condición de afiliado/a pérdese por algunha das seguintes causas:

- a) Decisión propia comunicada por escrito ao Comité Local ao que pertenza.
- b) Expulsión, previo expediente instruído a tal fin.

CAPITULO 3º RÉXIME DISCIPLINARIO E SANCIONADOR

Art. 10.

Réxime Disciplinario

Ningún afiliado/a poderá ser sancionado, nin privado dos seus dereitos, sen mediar expediente tramitado de acordo cos Estatutos do partido, e só por algunha das causas que os mesmos tipifican como motivo de sanción.

Art. 11.

Das Infraccións

As infraccións terán a calidade de faltas Leves, Graves ou Moi Graves, sendo os criterios para a súa cualificación a gravidade do incumprimento ou transgresión, a intencionalidade, o prexuízo causado e as responsabilidades do infractor na xestión do partido.

11.1. Das faltas Leves

Terán esta consideración as seguintes:

a) A falta de asistencia non xustificada a unha xunta dos Órganos de que forme parte, cando fora convocada debidamente.

b) A falta de comunicación a TEGA do cambio de domicilio ou calquera outro dato do Boletín de Afiliación, que lle fora demandado pola Administración do partido.

c) Os incumprimentos dos Estatutos e das resolucións dos Órganos do partido que non están tipificadas expresamente coma faltas Graves ou Moi Graves.

11.2. Das faltas Graves

Serán consideradas faltas Graves as seguintes:

a) A non asistencia inxustificada ás xuntas dos Órganos de que forme parte, cando foran convocadas debidamente e se repetira mais de dúas veces sucesivas ou de tres no período dun ano.

b) A falta de respecto e consideración debida aos/ás afiliados/as de TEGA ou a calquera persoa, tanto nos locais do partido coma no seu ámbito de actuación.

c) A descualificación pública dos Órganos do partido ou de calquera dos seus membros.

d) A comisión reiterada de faltas leves.

11.3. Das faltas Moi Graves.

Serán consideradas como faltas Moi Graves as seguintes:

a) A actividade fraccionaria ou desestabilizadora.

b) O incumprimento deliberado das resolucións aprobadas nos Órganos Estatutarios do partido.

c) A infrautilización dolosa ou usurpación dos medios e recursos do partido, calquera que fora

súa procedencia.

d) A falsificación de documentos, sinaturas, selos, claves ou datos análogos relevantes para a relación do partido coas súas Organizacións, as empresas ou as Institucións.

e) A violación de segredos que prexudique gravemente os intereses ou a imaxe do partido.

f) Prevalerse da condición de afiliado/a para desenvolver actividades contrarias ás Leis.

g) A agresión sexual, o acoso sexual ou o trato degradante de palabra ou obra a outros afiliados/as ou a calquera persoa.

h) Dobre militancia.

i) O incumprimento das obrigas económicas que o/a afiliado/a puidera contraer co partido distintas do pago da Cota de Afiliación.

j) A comisión reiterada de faltas graves.

Art. 12.

Sancións

12.1. As sancións que se poderán impoñer aos/ás afiliados/as serán proporcionais á gravidade da falta cometida, e terán a seguinte gradación:

a) Por faltas leves: amoestación verbal ou por escrito.

b) Por faltas Graves: suspensión de militancia de entre tres meses e un ano.

c) Por faltas Moi Graves: expulsión do partido, ou suspensión de militancia por espazo de entre seis meses e dous anos.

12.2. A suspensión de militancia implica a perda temporal da totalidade de dereitos do/da afiliado/a en canto que tal, pero non das súas obrigas.

12.3. No caso de que a falta ou faltas cometidas xerasen responsabilidades administrativas, sociais, civís ou penais, a Dirección Nacional de TEGA poderá acordar as oportunas accións xudiciais ou extraxudiciais para depurar tales responsabilidades.

12.4. Mentres se tramita un expediente sancionador por faltas graves ou moi graves, a

Comisión de Conflictos poderá suspender cautelarmente de militancia ao afiliado/a ou afiliados/as afectados/as, ata a resolución definitiva do expediente.

Art. 13.

Prescripción de faltas

En xeral, as faltas prescriben aos seis meses de que o Órgano Sancionador coñeza da súa comisión, e, en todo caso, aos dous anos de se teren cometido. As faltas leves prescribirán en todo caso aos seis meses.

No caso das faltas tipificadas no Art. 11.3. i) do presente Estatuto, non existirá tempo de prescripción, a non ser que o afiliado/a regularice a situación que deu orixe á falta.

Art. 14.

Competencia sancionadora

A Comisión de Conflitos será o Órgano competente para abrir expediente sancionador a calquera afiliado/a, a proposta dos órganos executivos do partido de calquera ámbito territorial ou en por si, e as súas decisións só poderán recorrerse ante o Consello Político Nacional.

Art. 15.

Procedemento sancionador

a) Coñecida a presunta comisión dunha falta, a Comisión de Conflitos no prazo máximo de tres meses instruirá o expediente sancionador e trasladará os cargos ao/á afectado/a ou afectados/as.

b) O/A afiliado/a ou afiliado/as no prazo dun mes dende o día seguinte de ter coñecemento dos cargos, poderán solicitar ser escoitados pola Comisión de conflitos. Realizado o trámite ou agotado o prazo a Comisión de Conflitos disporá a sanción pertinente, ou ben o arquivo das actuacións que lle será comunicado ás persoas interesadas.

c) Unha vez coñecida polo afiliado/a ou afiliado/as a resolución do Expediente, disporán dun prazo de trinta días para recorrer o mesmo diante do Consello Político Nacional, quen resolverá na súa primeira xunta ordinaria ou extraordinaria.

TITULO III

ESTRUTURA ORGÁNICA

Art. 16.

16.1. A estrutura de TERRA GALEGA estará conformada por órganos de carácter nacional e órganos territoriais.

16.2. Son órganos nacionais os seguintes:

- a) Congreso
- b) Consello Político Nacional
- c) Dirección Nacional
- d) Comisión de Contas
- e) Comisión de Conflictos.

16.3. Son órganos territoriais as Agrupacións Locais

CAPITULO 1º DOS ÓRGANOS NACIONAIS

Art. 17.

Do Congreso

a) O Congreso constitúe o órgano supremo de decisión do partido.

b) As súas decisións e acordos teñen carácter vinculante para todos os/as afiliado/as e órganos, e inspirarán tanto os programas electorais coma de goberno.

Define a política do partido e establece as liñas de actuación política e organizativa, aproba ou rexeita a xestión dos órganos de goberno, elixe os compoñentes do Consello Político, da Dirección Nacional e das Comisións de Contas e Conflitos.

Tamén lle corresponde modificar, no seu caso, a estrutura interna do partido, a reforma dos Estatutos e xulgar políticamente a actuación dos demais órganos.

c) Son membros do Congreso os compoñentes do Consello Político e da Dirección Nacional, así como un compromisario por cada Agrupación Local, elixido pola propia Asemblea de cada Agrupación Local.

Serán elixidos polas Asembleas Locais un número de congresistas en proporción á afiliación, que será determinado polo Consello Político na

convocatoria do congreso, non podendo nunca ser inferior a cento cincuenta congresistas.

17.1. Do Congreso Ordinario

Celebrarase con carácter ordinario cada catro anos, convocado polo Consello Político, que fixará o lugar e data de celebración así coma a orde do día, debendo transcorrer entre a convocatoria e a celebración un prazo non inferior a catro meses nin superior a seis.

17.2. Do Congreso Extraordinario

Deberá ser convocado polo Consello Político, previa deliberación e toma de acordo:

- Por propia iniciativa
- A petición da Dirección Nacional

17.3. O regulamento do Congreso:

a) Establecerá as normas de constitución, funcionamento e desenvolvemento do mesmo, así como o procedemento de elección dos compromisarios.

b) Será aprobado polo órgano convocante.

Art. 18.

Do Consello Político

E o máximo órgano do partido para a súa dirección política entre Congresos.

18.1. Estará integrado por:

- a) Os membros da Dirección Nacional.
- b) Os Presidentes das Deputacións, das Cámaras lexislativas e os membros do goberno, Central ou Autonómico, que fosen afiliado/as ao partido.
- c) Vinte integrantes máis nomeados polo Congreso.

18.2. As súas competencias específicas serán:

- a) Convocar os Congresos Ordinarios e Extraordinarios do Partido e aprobar o seu regulamento.
- b) Definir a política do Partido entre Congreso e Congreso, aténdose ás resolucións do Congreso anterior. Cumprir e velar polo cumprimento dos acordos do Congreso e dos programas do Partido
- c) Definir a actuación xeral do Partido e formular

no seu caso recomendacións aos seus órganos dirixentes.

d) Cubrir as vacantes que se produzan na Comisión de Contas e na de Conflitos.

e) Resolver en ultima instancia os recursos contra as decisións da Comisión de Conflitos

18.3. O Consello Político reunirase polo menos unha vez cada seis meses, e con carácter extraordinario, por acordo da Dirección Nacional ou dun terzo dos seus membros.

Art. 19.

Da Dirección Nacional

19.1. A Dirección Nacional é o órgano permanente de goberno do Partido, desenvolve e realiza a política emanada do Congreso e do Consello Político, e adopta as decisións de acción inmediata que estime necesarias. Estará composto por:

- a) O/A Presidente/a do Partido
- b) O/A Secretario/a Xeral
- c) O/A Vicepresidente/a
- d) O/A Vicesecretario/a Xeral
- e) Un mínimo de doce vogais
- f) O/A Presidente, o/a Secretario/a Xeral, e os vogais serán elixidos polo Congreso do Partido.

19.2.

a) No seo do Dirección Nacional poderá crearse unha comisión permanente da que formarán parte o/a Presidente/a, o/a Secretario/a Xeral, o/a Vicepresidente/a, o/a Vicesecretario/a e un máximo de 5 vogais elixidos pola propia Dirección.

b) A Dirección Nacional, a proposta do/da Secretario/a Xeral, poderá crear secretarías executivas designando no acordo ao vogal responsable da mesma, a área específica de que se trate e no seu caso a duración da mesma.

c) A Dirección Nacional poderá ser incrementada a proposta do/da Presidente/a que será aprobada pola propia Dirección Nacional

19.3. Son funcións da Dirección Nacional:

- a) Impulsar a acción do partido en todos os ámbitos.
- b) Establecer as directrices políticas do Partido.
- c) Dirixir a xestión patrimonial, económica e financeira.

- d) Fixar as posicións do partido ante as cuestións do acontecer político.
- e) Aprobamos programas electorais do Partido.
- f) Decidir os nomes dos candidatos nas eleccións que teñan como circunscrición a provincia, a Presidencia das Deputacións e os Deputados Provinciais.
- g) Nomear as persoas que corresponda designar como senadores pola Comunidade Autónoma.
- h) Levar a dirección das campañas electorais.
- i) Aprobamos regulamentos de funcionamento interno dos distintos órganos do partido.
- j) Aprobamos as coalicións electorais, coalicións de goberno a nivel provincial ou superior, pactos parlamentarios de carácter estable, así como a federación con outros partidos.
- k) Aprobamos os Presupostos do Partido e os informes da Comisión de Contas.

19.4.

a) Os acordos da Dirección Nacional serán vinculantes para todos os afiliado/as e todos os órganos de ámbito territorial inferior.

b) A Dirección Nacional poderá suspender os actos, acordos ou decisións dos órganos de ámbito territorial inferior do Partido que sexan contrarios a estes Estatutos ou regulamentos do partido, ás decisións do Congreso ou do Consello político Nacional.

19.5.

a) A Dirección Nacional, reunirse coa frecuencia que por si mesmo acorde e polo menos, unha vez cada dous meses.

b) Será convocada polo/a Presidente/a, a iniciativa súa ou do/da Secretario/a Xeral ou por petición escrita dun tercio dos seus membros, e neste caso dentro dos sete días seguintes á recepción do escrito

19.6. Será o órgano encargado de aceptar a integración de cargos electos doutros partidos políticos ou agrupacións.

Art. 20.

Da Comisión de Contas

- a) É o órgano encargado de supervisar a contabilidade e a administración do Partido, velará porque se axusten ás resolucións dos órganos de decisión.
- b) Dará fé da utenticidade dos informes e datos económicos presentados pola Dirección Nacional sen prexuízo das competencias do secretario de

finanzas.

c) Estará constituída por tres membros elixidos no Congreso do Partido, non podendo formar parte da mesma o Secretario de Finanzas.

d) A Dirección Nacional aprobará o seu regulamento de funcionamento.

Art. 21.

Da comisión de Conflictos

a) Á Comisión de Conflictos correspóndelle a tramitación e resolución dos expedientes de sanción que coñezan a proposta dos órganos executivos do Partido ou en por si.

b) Estará composta por tres membros elixidos no Congreso, en períodos coincidentes.

CAPITULO 2º DOS ÓRGANOS TERRITORIAIS

Art. 22.

Das Agrupacións Locais

a) A unidade básica de militancia será a Agrupación Local, que corresponderá a cada termo municipal e estará composta por todos os afiliado/as que a integren, cun mínimo de cinco.

b) A súa creación será competencia da Dirección Nacional .

22.1. Os órganos da Agrupación Local son:

- a) A Asemblea Local
- b) A Executiva Local

22.2. O seu funcionamento será democrático, os seus acordos serán tomados en base a un principio maioritario e o seu funcionamento será establecido polo regulamento que deberá desenvolver a Dirección Nacional.

TITULO IV

CAPITULO 1º DO/A PRESIDENTE/A

Art. 23.

É o representante político do partido. Preside a Dirección Nacional, e cando asiste, os actos oficiais do partido e dos grupos parlamentarios.

Art. 24.

Será substituído nas súas funcións cando haxa lugar polo/a vicepresidente/a.

Art. 25.

Velará polo cumprimento dos Estatutos do Partido e dos acordos do Congreso.

CAPITULO 2º DO/A SECRETARIO/A XERAL**Art. 26.**

É o representante legal do Partido. Levará a Xerencia e a dirección do Partido, correspondéndolle a organización administrativa e o refrendo dos documentos políticos e administrativos.

Art. 27.

Será substituído nas súas funcións cando haxa lugar polo/a Vicesecretario/a.

Art. 28

Suscribirá como Secretario/a de Actas, as actas da Dirección Nacional.

Art. 29.

Executará os acordos do Congreso, do Consello Político e da Dirección Nacional. Supervisará as actuacións dos órganos executivos e impulsará a acción do partido en todos os ámbitos.

Art. 30.

Nomeará as secretarías executivas de entre os vogais da Dirección Nacional.

TITULO V**RÉXIME XERAL DE ACORDOS E ELECCIÓNS****Art. 31.**

O que ten facultade para convocar a sesión dun órgano, aprobará a súa orde do día, e incluírá asuntos propostos polos afiliado/as ou órganos inferiores, cando se realice a solicitude dos mesmos.

Os órganos só poden deliberar sobre os temas relacionados na orde do día, salvo que, estando presentes, alomenos dous tercios dos seus membros acorden, por unanimidade, incluír outros naquela, agás unha moción de censura.

A moción de censura dun Comité ou dalgúns dos seus membros, pola Asamblea correspondente

ou, no seu caso, polo Consello Político Nacional, require o voto en tal senso de dous tercios dos asistentes.

Art. 32.

As sesións ordinarias deberán ser convocadas con dez días de antelación e as extraordinaria con tres, salvo que a urxencia do asunto non permita cumprir este prazo.

Art. 33.

As mocións de censura, á totalidade ou parte do correspondente órgano executivo, presentaránse por escrito, coa sinatura polo menos dun 50 por cento dos membros do órgano correspondente.

Art. 34.

A elección dos compoñentes dos diversos Órganos realizarase por votación secreta en listas completas e pechadas.

O voto é plural, igual e secreto.

TITULO VI**DOS GRUPOS PARLAMENTARIOS****Art. 35.**

Os Grupos Parlamentarios son os órganos a través dos que o Partido realiza a súa política nas Cámaras Legislativas. Teñen o deber dentro da política xeral aprobada polo Congreso e baixo as directrices dos órganos superiores do Partido, de ordear a actividade parlamentaria dos seus membros, participando éstos activamente na discusión dos proxectos de Lei e na consideración de calquera cuestión que deba ser sometida ao seu exame e voto na respectiva Cámara.

Poderán formar parte dos Grupos Parlamentarios en concepto de adheridos/as, os/as parlamentarios/as non pertencentes ao Partido que o soliciten e cumpran os requisitos establecidos nos correspondentes Regulamentos internos que establecerán os seus dereitos e deberes, e sempre con respecto ao ordenamento xurídico vixente.

Art. 36.

Os Grupos Parlamentarios, no marco destes Estatutos, elaborarán o seu propio Regulamento interno, que en orde a súa validez, deberá ser aprobado pola Dirección Nacional.

TITULO VII

DO PATRIMONIO E RÉXIME ECONÓMICO

Art. 37.

Se someterá á lexislación vixente.

TITULO VIII

RÉXIME DOCUMENTAL

Art. 38.

Se someterá á lexislación vixente.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA

Única

A disolución do Partido só se poderá producir, ademais de polas causas establecidas nas leis, por acordo do Congreso, debidamente convocado para o efecto, requiríndose o voto afirmativo das tres cuartas partes dos seus membros presentes.

Os acordos de disolución incluirán a designación dunha Comisión Liquidadora.